


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

25-26 de outubro do 2025

XXX SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 2** *Con ledicia vimos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Achegámonos hoxe a esta igrexa para compartir a fe en comunidade. Podemos facelo de dous xeitos: un créndonos mellores que os demais e xulgándoos, e outro achegándonos coa humildade de recoñecer que aínda nos queda moito para ser comunidade crible.

Relacionado con estes dous xeitos de vivir Xesús cóntanos a parábola de dous homes que, coma nós, veñen ao templo a rezar. Un deles faíno de pé, erguido, créndose mellor e sen recoñecer os seus erros. O outro, con humildade, síntese pecador e recoñece as súas debilidades arrepentido.

Este sairá reconfortado e contento porque atopa a misericordia do Deus, mentres que o primeiro volverá ás súas obrigas igual que entrou no templo, coa súa soberbia e sentíndose perfecto sen selo.

Sinceramente, con cal dos dous nos identificamos?.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Confiados ás túas mans de Pai atrevémonos Señor a recoñecer os nosos erros. Sabemos que ti nos ofreces perdón e agarimo, e dás paz a quen se recoñece pecador. Nós recoñecémolo agora:*

Monitor/a

✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que presumimos e aparentamos ante os demais. Señor, acolle a nosa humildade

✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que non somos compasivos e miramos aos demais con ollos acusadores. Cristo, acolle a nosa humildade

✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que somos demasiado orgullosos como para recoñecer os nosos fallos. Señor, acolle a nosa humildade

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos encamiña cara á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle humildemente a Deus o que levamos no corazón, sen presumir nin aparentar.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, na vida do teu fillo Xesús atopamos un bo exemplo para medrar na fe, na esperanza e na caridade.

Para que poidamos acadar o que nos prometes cremos que vale a pena facer o que nos aconsellas recoñecendo humildemente que non sempre o facemos ben.

Grazas polo bo exemplo que atopamos en Xesucristo, Señor e irmán noso, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na primeira lectura que hoxe imos escoitar fálasenos de que Deus non se deixa levar das aparencias. Fálasenos de que Deus presta oídos as demandas dos asoballados.*

É esta a nosa actitude da vida?

No evanxeo nunha parábola Xesús achéganos a dúas maneiras de vivir. Dous homes van rezar ao templo, un presumindo do bo que é, o outro recoñecendo con humildade os seus erros.

Cal é a mellor maneira de vivir?.

No Leccio I C páx 269 **Eclo 35, 15-17. 20-22** **LECTURA**

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Deus é un Deus xusto
e non ten preferencias de persoa;
non tomará parte contra o pobre
mais presta oídos ás demandas do asoballado,
non refuga os saloucos do orfo
nin da viúva que repite o seu laio.

Semellante laio acada o seu favor,
o seu berro chega ata as nubes.

O grito do pobre traspón as nubes,
non pousa ata chegar á meta,
non cede ata que Deus o atende
e que o xuíz veraz faga xustiza;
tampouco Deus a retardará.

Palabra do Señor

🎵 n° 53 Onda Ti noso Pai neste día **SALMO**



(en pé) *No Lecc I C páx 271* Lc 18, 1-8 *EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús propuxo esta parábola dirixíndose a uns que estaban moi seguros de si mesmos, créndose perfectos e desprezando aos demais:

- Dous homes subiron ao templo a orar; un era fariseo e outro recadador de impostos.

O fariseo, de pé, rezaba para os seus adentros deste xeito: "Meu Deus, douche grazas porque non son coma os demais: ladrón, inxusto e adúltero; nin coma ese recadador. Gardo o xaxún dúas veces por semana e pago o dezmo de todo canto gaño".

O recadador, en troques, manténdose a distancia, non se atrevía nin a levantar os ollos ao ceo, senón que petando no peito dicía: "Meu Deus, ten compaixón de min, que son un pecador".

Asegúrovos que este baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non. Porque a todo o que se teña por moito rebaixarano e a todo o que se rebaixe enaltecerano.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Dúas maneiras de vivir:

- * Podemos vivir presumindo e aparentando, ou podemos ser sinceros e auténticos
- * Podemos vivir mirando e criticando os fallos dos demais escondendo os nosos, ou podemos recoñecer os nosos erros e tratar de comprender os dos demais.
- * Podemos vir á igrexa para de palabra bater coa man no peito, e de corazón crernos mellores que os demais, ou podemos recoñecer de corazón que necesitamos mellorar en moitas cousas
- * Podemos ser coma o fariseo presumido, ou coma o pecador confiado.
- * Hai dúas maneiras de vivir. A cal nos apuntamos?

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Despois de escoitar o Evanxeo, queremos, Señor, dar resposta de fe e comprometernos a vivila como Ti nos ensinas e aconsellas. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Creemos en Deus,

o Pai que desexa que todas as persoas sexamos adultas e responsables na vida e na fe?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos propón a humildade e a compaixón fronte ao orgullo e ao creerse mellor que os demais?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos no Espírito Santo,

que nos alenta a recoñecer os erros confiando no Deus que acolle e perdoo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Creemos na Igrexa,

comunidade que se equivoca, comunidade que se sente necesitada, comunidade que pide perdón e que está chamada a mellorar en moitas cousas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos agora a Deus Pai que nos acolle e nos descubre en Xesús unha boa maneira de vivir.*

Recemos dicindo:

Queremos a túa VIDA, Señor

Monitor/a

- ✓ Queremos encher a nosa vida cos froitos que valen a pena, porque cremos que é mellor ser humildes que orgullosos. Oremos
- ✓ Queremos encher as nosas familias cos froitos que valen a pena, porque cremos que é mellor ser sinceros que vivir aparentando. Oremos
- ✓ Queremos encher a comunidade de Os Cotos cos froitos que valen a pena, porque cremos que é mellor recoñecer os erros e tentar dar unha man que sentirse perfectos e sen necesidade de ninguén. Oremos
- ✓ Queremos encher aos necesitados de paz cos froitos que valen a pena, porque cremos nunha fraternidade compartida que racha fronteiras e debe chegar a onde hai violencia. Oremos

Celebrante: *Coa humildade do que se achega ao templo, dámosche grazas Señor porque hoxe acóllesnos e axúdasnos a vivir a responsabilidade de ser testemuñas túas no mundo de hoxe sendo exemplo de Cristo noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración de Xesús, a oración de irmáns, a oración agradecida e confiada na que lle falamos a Deus Pai de perdoar e pedir perdón. Rezamos o que Xesús nos aprendeu:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A paz que agora imos pedir é a que nos fai irmáns e irmás con Cristo. É a paz de respectar a todos, é a paz de pedir perdón e perdoar, é a paz nas palabra e nos feitos. É a paz coa que volveu á casa aquel pecador arrepenrido, e é a paz que soñamos para cada pobo que sofre violencia. Está nas nosas mans facelo mellor.*



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa de parroquia, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño da fe, porque seguir a Xesús esixe facer na nosa vida o evanxeo, e hoxe achegámonos humildes e recoñecendo moitos erros no camiño. Ditosos nós, convidados coma irmáns a compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 50** *Na tardiña baixa da vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a participación nesta celebración nos axude a abrir os ollos a todo o que de bo hai ao noso arredor.

Que nos axude a recoñecer que moitas veces non facemos as cousas de todo ben.

Que nos axude a fuxir das críticas e do mirar aos demais por enriba do hombro.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén



“O que recoñeceu os seus erros, e quería ser mellor, volveu para a casa reconciliado”

Palabras de Xesús na parábola do evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*



FAGÁMOLO BEN